

PREMIOS AOS MELORES PROXECTOS FIN DE CICLO EN LINGUA GALEGA

Curso 2025-26



BASES DA CONVOCATORIA

1

OBXECTO

Fomentar o uso da lingua galega recoñecendo ás persoas que elaboren e defendan proxectos de fin de ciclo na lingua propia de Galiza en cada familia profesional.

2

SOLICITANTES

Alumnado do CIFP Compostela que redacte e presente o proxecto en galego na convocatoria do mes de xuño do curso 2025/2026.

3

CONTÍA DA AXUDA

Vale de 50 € en material para cada membro de cada proxecto premiado.

4

FORMA DE PARTICIPACIÓN

Envío por parte do alumnado a edlg.cifp.compostela@edu.xunta.gal antes do **19 de xuño de 2026** dos seguintes documentos:

- Proxecto de fin de ciclo en PDF (máx. 10MB) ou enlace de descarga.
- Formulario cuberto coa declaración asinada pola titora, declarando que foi redactado e defendido en galego e a cualificación obtida.

5

PROCESO DE SELECCIÓN

Unha comisión avaliadora, formada por integrantes do EDLG, analizará as propostas achegadas e seleccionará o mellor proxecto de cada familia profesional.

6

RESOLUCIÓN

Publicación dos proxectos premiados o 26 de xuño de 2026 nas redes sociais do EDLG e notificación por correo-e ás persoas gañadoras.

FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN

CONVOCATORIA PREMIOS AOS MELLORES PROXECTOS

FIN DE CICLO EN GALEGO **Curso 2025-26**

DECLARACIÓN

A persoa coordinadora da titorización dos proxectos de fin de ciclo do:

Don/Dona _____

así como do alumnado (nome, apelidos e correo-e):

FAI CONSTAR

Que o proxecto titulado _____

foi redactado e defendido en galego o día _____ coa cualificación de ____

E para que así conste, asino o presente documento aos efectos oportunos.

En Santiago de Compostela, a ___ de _____ de 2026.

Asdo.: _____